

## SEGUIMOS COA NOSA ANDAINA

Rematado xa o II CERTAME LITERARIO MANUEL-ORESTES RODRÍGUEZ LÓPEZ, e co motivo de preparar a publicación dos traballos premiados, a súa vez convocamos o III CERAME LITERARIO coa ledicia de seguir no bo camiño que o noso *irmán e fillo predilecto de Paradela* nos ensinou coa súa obra, co seu exemplo de ser **"AVIVECEDOR DO SENTIR NOSO" (amor ás nosas xentes, á nosa terra, ó noso enxebrismo; nunha palabra, á nosa Galicia).**

Comezo estas verbas, coa felicitación ós gañadores polas súas obras, destacando a gran concurrencia e calidade dos traballos presentados, tendo que empregarse moi a fondo o xurado, e aínda así atopáronse coa satisfacción de ter que otorgar dous accésits.

Aproveito asimesmo estas liñas para agradecer ós membros do xurado a súa labor e colaboración.

Novamente convidamos a todos aqueles que sinten o amor pola PALABRA, polas letras, e gozan desa sensibilidade especial que a convirten no espírito dun pobo, a participar neste terceiro certame na memoria do noso Ilustre Fillo.

A ledicia que nos trae á memoria o recordo de MANUEL-ORESTES, é compartida nestas datas, cunha profunda dor de corazón, pois acabamos de ver como uns desalmados quitaron a vida a un xove de orixe galega sen causa nin motivo; soamente por ser demócrata, boa persoa, xeneroso e traballador, MIGUEL ANXO BLANCO GARRIDO, que o mesmo ca MANOLO era emigrante.

Lémbrome neste ano adicado a D. ANXEL FOLE, da visita que no 1985 fixeron D. ANXEL, D. BENXAMIN ANDRADE e ti, MANUEL-ORESTES. Tivemos a sorte de gozar da vosa sabiduría e dos vosos coñecementos. Estou a recordar cando na Casa de Teodoro de Mosteirovello, na parroquia de Castro de Rei de Lemos, falabamos da guerra e da postguerra. Lembrando a diversos persoaxes, O GARAVITO, O ELIAS, O BOMBAS, O PILOTO, etc., Benxamín Andrade fixo o comentario de que O PILOTO nunca fora tal, e nesto di D. Anxel: "No cuartel ocorren as cousas máis extrañas. Sendo eu recluta, tiñan necesidade dun cabo e nomeáronme a min sen máis; e voulles contar a vostedes e logo xulguen.

- Xa saben que o día anterior a facer "guardia" toca "imaxinaria". Eu pregunteille ó meu superior qué quería dicir "servicio de imaxinaria" e contestoume: "que el día anterior tiene que imaginarse la guardia del día siguiente". ¡Pásmense vostedes! -dixo con xeito denunciador-, o oficial non sabía que o exército romano tiña uns milites chamados "servicio de imaxinaria", que eran os encargados de alimentar as luces de aceite para alumear as imaxes que presidían as Centurias e as Lexións"

Recordado isto, feiro inolvidable, os Paradelenses, Lucenses e galegos gozamos xa de tres IMAXINARIAS exemplares, de óptima valía e extraordinaria riqueza: D. ANXEL FOLE, o xove MIGUEL ANXO BLANCO GARRIDO e MANUEL-ORESTES RODRÍGUEZ LÓPEZ, vieiros cheos de deslumbrante claridade e exemplarizante labor. Dende a vosa posición privilexiada a carón de Deus, un recordo coas bágoas nos ollos, e co corazón cheo de ledicia por ter compartido con vostedes horas entrañables e o edificante exemplo do noso MARTIR GALEGO Miguel Anxo.

Paradela, 16 de xullo de 1997.

*O ALCALDE*

Asdo.: Xosé Manuel Mato Díaz